

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á desmontaxe da cementeira do Castro en Narón.

Exposición de motivos

A sección quinta da sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo vén de dar razón na forma e no fondo ás demandas da asociación veciñal Os Cruceiros sobre a ilegalidade que pendura sobre a instalación e funcionamento da cementeira do Castro en Narón. O alto tribunal desestima o recurso de casación interposto pola cementeira Cementos Galegos S.A., logo de perder no TSXG, en sentenza de 3 de outubro do 2013.

Esta asociación veciñal presentara un recurso diante da desestimación polo recurso do silencio administrativo do recurso de alzada interposto contra a decisión da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, que outorgara autorización ambiental integrada e formulara declaración de impacto ambiental respecto das instalación de moenda, almacenamento e expedición de cemento, proxectada pola empresa cementeira.

O texto da sentenza entre ao fondo da cuestión, a saber, se un plan de sectorización pode anular as previsións contidas no plan xeral de ordenación municipal en canto a usos e intensidades e se esa hipotética modificación axustábase a dereito, para concluír que non pode porque do contrario suporía descoñecer que se trata só dun instrumento de desenvolvemento e afectaría ao principio de xerarquía normativa.

Este grupo parlamentario celebra a decisión do Tribunal Supremo e aplaude a meritoria loita social da asociación veciñal e de cantas outras entidades e persoas compartiron un intinerario arduo que excede xa os dez anos de loitas en defensa do ben común, que conta co respaldo do artigo da Constitución, que mandata aos poderes públicos para protexer a mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio natural.

A cidadanía organizada obtén o refrendo legal a unha loita xusta e acertada. A súa victoria é a da razón crítica, queazona que unha industria altamente contaminante non se pode ubicar ao carón das vivendas veciñais. Abundan os estudos científicos que alertan dos danos e prexuízos para a saúde derivados de ubicacións de industrias moi contaminantes en entornos residenciais.

Son tempos de restaurar o dano feito e cumprir a legalidade. Son tempos para a Xunta de Galicia de rectificar decisións equivocadas.

Polo dito, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta a Xunta a desenvolver as actuacións oportunas para desmantelar a cementeira do Castro en Narón.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a achegar un contributo económico para recuperar a parcela ocupada pola cementeira -e a fonte catalogada denominada a fonte da santa- para usos sociais e deportivos e o seu disfrute pola cidadanía.

En Compostela, a 19 de outubro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 19/10/2015 14:48:40